



CEIP XESÚS GOLMAR
Travesía Memorias dun neno labrego.
36500. LALÍN (Pontevedra)
Tel: 886 15 12 72/ Fax: 886 15 12 73
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipxesusgolmar/>
correo-e: ceip.xesus.golmar@edu.xunta.es



CRITERIOS DE PROMOCIÓN (ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria ede bacharelato no sistema educativo de Galicia).

- A promoción nos cursos primeiro, terceiro e quinto será automática.
- Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.
- O alumnado que acade a promoción de curso con alguna área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara no curso anterior.
- O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, **tras aplicar as medidas ordinarias suficientes**, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.
Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

Aprobados no claustro celebrado o martes, 22 de marzo de 2022.